

MATRÍCULA ABAU - XUÑO DE 2024

Instrucións para o alumnado

Xoves 16 de maio

- 09:00 h | **Xuntanza no Salón de Actos** de todo alumnado matriculado en 2º de BAC no curso 2023/2024.
- Información sobre o procedemento de solicitude do título de bacharelato.
 - Información do procedemento de matrícula ABAU-calendario (convocatoria ordinaria/extraordinaria)
 - Documentación de matrícula na ABAU convocatoria ordinaria

Do mércores 16 ao luns 20 de maio

- Cumprimentar e imprimir o [modelo de solicitude do título de bacharelato](#).
- Cumprimentar e imprimir o modelo de [autoliquidación de taxas](#) de solicitude do título de bacharelato e pagalo. Poderá realizar o pagamento por dúas vías: · [Telemática](#) · Presencial nunha oficina bancaria

Importe ordinario:	54,00 €
Familia numerosa - Categ. xeral (fotocopia compulsada do carné de F. numerosa)	27,03 €
Familia numerosa – Categ. especial (fotocopia compulsada do carné de F. numerosa)	Gratuíta

(Procedemento de solicitude de título a realizar por todo o alumnado que remata bacharelato aínda que non se presente ás probas de acceso á universidade)

- Cumprimentar e imprimir o [impreso de autoliquidación de taxas](#) de matrícula na ABAU. Poderá realizar o pagamento por dúas vías:
 - **Presencial nunha oficina bancaria** previo a entrega da documentación no centro.
 - **Telemática a través de Nerta**. Esta modalidade de pagamento realizarase despois da prematricula no centro e unha vez que o alumnado reciba os datos de acceso no seu correo electrónico e [active a súa conta](#) na aplicación. Facer o pagamento o antes posible e sempre antes das 12 horas do día que remata o prazo matrícula, luns 20 de maio.

Importe ordinario:	63,67 €
Familia numerosa de 1ª e 2ª – Categoría xeral (achegar copia compulsada do carné de F. numerosa)	31,84 €
Familia numerosa de Honra – Categoría especial (achegar copia compulsada do carné de F. numerosa)	Gratuíta
Persoal docente e de administración e servizos, os seus fillos, así como o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación, das tres Universidades de Galicia (aportar certificación do servizo de persoal correspondente e fotocopia compulsada do libro de familia)	Gratuíta
Persoas con discapacidade (≥33%), vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero (acreditarse coa correspondente resolución administrativa)	Gratuíta

- Cumprimentar e imprimir o [impreso de matrícula ABAU](#), coa modalidade e materias elixidas, asinado (**asinar tamén o apartado consentimento cesión de datos**).

O antes posible, e ata as 12 h. do luns 20 de maio acudir a secretaría do centro.

Unha vez coa documentación anterior cumprimentada e impresa, e os pagos realizados (agás no caso de elixir o pago telemático na matrícula para a ABAU), presentala **na secretaría do centro**.

Recibirá na súa conta de correo electrónico información cos pasos a seguir para completar a activación da conta de usuario da aplicación Nerta (www.edu.xunta.es/nerta). Nesta aplicación poderá consultar os seus datos persoais, as opcións de matrícula nas ABAU, e máis adiante, consultar as cualificacións, tramitar as revisións das mesmas e a solicitude de preinscrición en titulacións con límite de prazos do SUG.

O alumnado recollerá na secretaría do centro o seu historial académico a partir do luns 3 de xuño.

Martes 21 de maio

O alumnado recollerá na secretaría do centro o resgardo de matrícula.

Deberá **revisar os seus datos de matrícula no NERTA** podendo interpoñer na secretaría do centro reclamación aos mesmos, ata as 14.00 horas.

Xoves 23 de maio

Publicación en **NERTA** dos datos de matrícula definitiva.

Máis información:

CIUG: Edificio Fontán, 1º andar. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás s/n 15707 Santiago de Compostela Teléfono: 881 971 006 web: <http://ciug.gal>

LERD de Santiago: Servizo de Xestión Académica Pavillón Estudiantil, 2º andar-Campus Vida
15782 Santiago de Compostela; Teléfono: 881 814 538 / 881 814 530 correo: sga@usc.es

Nerta: <https://www.edu.xunta.gal/nerta>